



Concello de A Pobra do Caramiñal

Expte nº: 571/2017

PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO.

MODIFICACIÓN DO ACORDO REGULADOR DOS PREZOS PUBLICOS POLA ASISTENCIA AO CAMPAMENTO MUNICIPAL DE VERAN 2016 E AO TALLER "MADRUGADORES"

Considerando que o Concello da Pobra do Caramiñal ten a intención de ir despregando unha oferta estable de actividades de lecer e conciliación con ocasión das festas do Entroido, Nadal e Semana Santa, que veñan a complementar á oferta establecida a través dos Campamentos de Verán, e dentro todo elo do programa de Obradoiros de Conciliación "MÓVETE", e actuando dentro do ámbito das súas competencias de acordo co previsto no artigo 25.2 L) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, solicitouse dos servizos económicos informe sobre a viabilidade de engadir unha nova tarifa para poder prestar servizos en días soltos no taller de "Madrugadores":

TALLER "MADRUGADORES":

- 2 €/persoa/día solto de 7:30 a 9:00 h
- 1,5 €/persoa/día solto de 8:00 a 9:00 h

VISTO o informe favorable emitido pola Intervención municipal

CONSIDERANDO que os prezos públicos que se propoñen incorporan unha nova modalidade mais flexible para a prestación do servizo de "Madrugadores" cos medios persoais dos que xa dispón o Concello. E que dita prestación supón o incremento dos ingresos, se ben poden non ser suficientes para cubrir os custes das actividades. Tendo en conta o previsto no RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Neste sentido, cómpre indicar o seguinte:

Razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que aconsellan o establecemento dos prezos públicos.

Aos efectos do establecido no artigo 44 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, cómpre indicar o seguinte:

1. Polo que se refire ao interese da actividade:

Que o feito de que os prezos establecidos sexan inferiores ao custe de prestación do servizo responde ao interese municipal por garantir aos veciños e veciñas do Concello a existencia dunha oferta suficientemente ampla e de calidade para atender a demanda existente en materia de conciliación familiar e lecer da poboación en idade escolar. Tendo en conta as características do noso Concello, en ausencia destes programas esa demanda (cuxa existencia acredita o desenvolvemento dos campamentos de verán) no tería un servizo ao que acudir.

2. Polo que se refire ao déficit estimado.

Que o déficit xerado pola actividades expostas pode ser asumido cos recursos propios do Concello, e será tido en conta na elaboración do orzamento para os vindeiros exercicios. En atención ao seu importe limitado (considerado ademais o carácter de máximo do estudo económico precedente que figura no expediente da aprobación plenaria de febreiro de 2017) e en atención tamén aos recursos de carácter estable de que dispón o Concello actualmente, estímase asumible e garantido por tanto o seu respaldo orzamentario. Por último, en relación a esta cuestión cómpre subliñar a posibilidade de que estes programas podan acollerse a convocatorias de achegas doutras administracións, o que reduciría -ou mesmo eliminaría- o déficit estimado.

CONSIDERANDO o establecido no artigo 47.1 do RDL 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación coa competencia para fixación de prezos públicos.

Propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar un novo acordo regulador do prezo público a abonar pola asistencia as actividades desenvoltas, incorporando unha nova modalidade de servizo no marco dos taller “Madrugadores”, que se regulará polas seguintes normas de xestión:

“ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO A ABONAR POLA ASISTENCIA AS ACTIVIDADES DESENVOLTAS NO MARCO DOS OBRADOIROS “MÓVETE” E AO TALLER “MADRUGADORES”.

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

ARTIGO 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA.

De conformidade co previsto nos artigos 127 e 41 a 47 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece o prezo público pola asistencia pola asistencia as actividades desenvoltas no marco dos Obradoiros "móvetes" e ao obradoiro "Madrugadores.

ARTIGO 2.- CONCEPTO.

O prezo público regulado neste acordo constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que se satisfará polos usuarios que voluntariamente soliciten a participación nas actividades definidas no artigo 1.

ARTIGO 3.- OBRIGADOS Ó PAGO.

Están obrigados ó pago do prezo público as persoas físicas ou xurídicas que soliciten e/ou que participen nalgunha das actividades enumeradas no artigo 1

ARTIGO 4.- CONTÍA.

Os prezos públicos rexeranse polo seguinte cadro de tarifas:

A) CAMPAMENTO DE VERÁN:

- 60 €/persoa/mes completo
- 40 €/persoa/quincena
- 15 €/persoa/do 23 ao 30 de xuño
- 15 €/persoa/semana de setembro.

B) TALLER "MADRUGADORES":

- 20 €/persoa/mes completo/de 7:30 a 9:00 h
- 15 €/persoa/quincena/de 7:30 a 9:00 h
- 12 €/persoa/ mes completo/de 8:00 a 9:00 h
- 8 €/persoa/quincena/ de 8:00 a 9:00 h
- Do 23 ao 30 de xuño e por semana de setembro: 7,50 €/persoa/de 7:30 a 9:00 h
- Do 23 ao 30 de xuño e por semana de setembro: 4 €/persoa/de 8:00 a 9:00 h
- 2 €/persoa/día solto de 7:30 a 9:00 h
- 1,5 €/persoa/día solto de 8:00 a 9:00 h

C) OBRADOIRO DE NADAL.

- 30 €/persoa/obradoiro completo.
- 3 €/persoa/día solto.

D) OBRADOIRO DE SEMANA SANTA

- 15 €/persoa/obradoiro completo.
- 3 €/persoa/día solto.

E) OBRADOIRO DE ENTROIDO

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

- 9 €/persoa/obradoiro completo.
- 3 €/persoa/día solto.

F) OBRADOIROS DE CONCILIACIÓN PUNTUAIS

- 3 €/persoa/día.

Cando asistan 2 ou mais irmáns simultaneamente á mesma actividade, o segundo irmán terá unha bonificación do 50% na cota, e o terceiro asistirá de xeito gratuíto.

ARTIGO 5.- OBRIGA DE PAGO E PRAZOS DE PAGO.

1. A obriga de pago xurdirá con carácter xeral cando se inicie a prestación dos servizos correspondentes. Non obstante, cando por causas non imputables ó demandante do servizo, este non se prestase, procederase á devolución do importe efectivamente aboado.

2.- O prezo público aboarase en réxime de autoliquidación e depósito previo do mesmo, que deberá ser aboado cando se realice a solicitude do servizo. En todo caso, non se iniciará a prestación do mesmo se non se realizou o depósito previo.

ARTIGO 6.- PROCEDIMENTO DE PREMA.

As débedas por impago dos prezos contemplados no artigo 4 esixíranse polo procedemento de constrinximento de acordo co disposto nos artigos 10.1 e 46.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais.

DISPOSICION DERRADEIRA.

O presente acordo entrará en vigor tas a publicación do seu texto no Boletín Oficial da Provincia, nos termos indicados no artigo 70 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local".

SEGUNDO.- PUBLICA-LO presente acordo en base ó previsto no artigo 45 da Lei 39/15, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico das AA.PP. e do Procedemento Administrativo Común, e artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

TERCEIRO.- Facultar o Sr. Alcalde - Presidente, tan amplamente como en dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

En A Pobra do Caramiñal

O Alcalde

José Luís Piñeiro García

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

Concello de A Pobra do Caramiñal

C/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 A Coruña. Tfno. 981843280. Fax: 981831192